

**CONCELLO  
DE VIGO****PROCESO SELECTIVO CORRESPONDENTE A OEP-ESTABILIZACIÓN - CONCURSO-OPOSICIÓN -****ANUNCIO: RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E AVISO SORTEO DE LETRA E APERTURA DO SOBRE QUE CONTÉN OS CÓDIGOS IDENTIFICATIVOS**

O órgano de selección, en sesión de data 29/10/2024 acordou:

En relación coas alegacións presentadas polas aspirantes: B. Lijó Rodríguez (Doc. nº 240332481) e A. Vila Rodríguez (Doc. nº 240333055).

• Con respecto á pregunta 2 que é a seguinte: *"Conforme ao artigo 47 de Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, son nulos de pleno dereito os actos das Administracións Públicas cando. Sinala a resposta incorrecta:*

- a) *Sexan contrarios ao ordenamento xurídico.*
- b) *Lesionen os dereitos ou liberdades susceptibles de amparo constitucional.*
- c) *Teñan un contido imposible.*
- d) *Sexan constitutivos de infracción penal."*

Manifestan que o tribunal considera incorrecta a pregunta a) pero que revisado o artigo hai un erro de escritura na resposta b), a lei dispón que son nulos de pleno dereito, os actos das Administracións Públicas cando lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional. Por considerar que hai dúas respostas incorrectas solicitan a anulación da pregunta.

En relación a esta alegación o órgano de selección acorda desestimar a impugnación polos seguintes motivos. A pregunta non inclúe ningún elemento que permita razoablemente dudar sobre a validez da resposta elixida como correcta polo Tribunal Calificador. A única resposta incorrecta é a resposta a), posto que os actos contrarios ao ordenamento xurídico son anulables (non nulos) de conformidade co artigo 48. O artigo 47 establece unha limitación, posto que unicamente determinarán a nulidade se en virtude de eses actos contrarios ao ordenamento xurídico *"se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición"*.

A resposta b) é correcta toda vez que os actos que lesionen os dereitos e/ou liberdades susceptibles de amparo constitucional, son nulos de pleno dereito. Para determinar a nulidade do acto é suficiente que este lesione un dereito fundamental ou unha liberdade, sendo o requisito que sexan os dereitos ou/e as liberdades susceptibles de amparo constitucional. Ase mesmo son correctas tamén as respostas c) e d) por estar incluídas nos supostos de nulidade do artigo 47.

• Con respecto á pregunta 21 que di o seguinte: *"Segundo o artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/10/2024 12:44	Páxina 1 de 3
43625-220	CSV: A2AE54-DDEEEE-EB815H-FF76BM-DPZ8E3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- a) No caso de inicio dunha actividade será esixible a presentación dunha declaración responsable pero non dunha comunicación.
- b) Unha comunicación é un documento mediante o que os interesados poñen datos identificativos ou outros relevantes en coñecemento da Administración Pública competente .
- c) Supoñerá a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato ou información incorporada a unha declaración desde o momento en que se determinen as responsabilidades penais, civís ou administrativas a que dese lugar.
- d) As Administracións Públicas publicarán periodicamente modelos de declaración responsable e de comunicación."

Manifestan que o Tribunal sinala como correcta a pregunta b), argumentando que neste caso a lei dispón que unha comunicación é un documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración Pública competente sus datos identificativos ou outros relevantes. Manifestan que a lei destaca a importancia de que os datos identificativos pertencen ao interesado, consideran que a omisión do pronome "sus" desvirtúa considerablemente a pregunta e solicitan a anulación.

Igualmente neste caso claramente a resposta correcta é a b), "cando os interesados poñen datos identificativos ou outros relevantes en coñecemento da Administración Pública competente." A omisión do pronome "sus" non inclúe ningún elemento que permita razoablemente dudar sobre a validez da resposta xa que os datos identificativos serán necesariamente os da persoa interesada, a que formula a solicitude en primeira persoa o por calquera outra que teña a súa representación.

Por outra banda, as demais respostas son tan claramente incorrectas, que non deixan lugar a dúbidas da resposta que deberían marcar os opositores. Así:

A resposta a) exclúe a comunicación, o que é erróneo posto que esta permite o inicio da actividade (artigo 69.3);

En canto a resposta c) o que determina a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato ou información incorporada a unha declaración, é o momento de constancia de tales feitos, sen prexuízo da responsabilidade penal, civil ou administrativa a que dese lugar;

E en canto a resposta d) é incorrecta xa que as Administracións Públicas terán permanentemente publicados e actualizados modelos de declaración responsable, non sendo periódicas as publicacións de tales modelos, como sinalaba a resposta do exame.

Polo tanto, o órgano de selección acorda desestimar as impugnacións polos motivos referidos, indicando que de conformidade co previsto na Base Décimo Oitava, contra a desestimación das reclamacións indicadas,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/10/2024 12:44	Páxina 2 de 3
43625-220	CSV: A2AE54-DDEEEE-EB815H-FF76BM-DPZ8E3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLO  
DE VIGO**

poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

**Igualmente infórmase aos aspirantes que:**

1º O día 6 de novembro, antes do exame de auxiliar administrativo procederase ao sorteo da letra que determinará a orde de actuación dos aspirantes.

2º Finalizado o exame, en audiencia pública, procederase a apertura dos códigos identificativos.

Vigo, na data de sinatura dixital

A secretaria do órgano de selección.- Beatriz Domínguez Pereira  
O presidente do órgano de selección.- Secundino Otero Failde

**Documento asinado**

Copia do documento - Concello de Vigo  
43625-220

Data impresión: 31/10/2024 12:44 | Páxina 3 de 3  
CSV: A2AE54-DDEEEE-EB815H-FF76BM-DPZ8E3-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>